

ACTA

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

28 de xuño de 2024

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas e nove minutos do día vinte e oito de xuño de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D^a. María Sandra Bastos Míguez (PP), D^a. Belén Cachafeiro Anta (PP), D^a. María Nava Castro Domínguez (PP), D^a. María Isabel Couselo Torres (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D. Paco Ferreira González (PSdeG-PSOE), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D^a. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D^a. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D^a. María Ortega Iñarrea (BNG), D^a. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D^a. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D^a. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D^a. Luisa María Sánchez Méndez (PP), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asiste D^a. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG).

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente a Sra. Viceinterventora D^a. Susana Escaloni Varela.

As intervencións desta sesión quedarán recollidas no Diario de sesións (Vídeo actas), de acordo co disposto no artigo 29 do Regulamento Orgánico desta Deputación.

Declarada aberta a sesión léese a seguinte declaración institucional:



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBI+ - 28 de xuño de 2024 -

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/wZLvFTPdrIpc84G4gCbCk4cJ0Zc2cCZnLNzPhztUjoX47HnT>

Dende a Deputación, cremos firmemente na igualdade e no respecto para todas as persoas, independentemente da súa orientación sexual. Celebramos e apoiamos o Orgullo LGTBI+ porque é unha oportunidade para honrar a aqueles que loitaron pola igualdade e os dereitos da comunidade LGTBI+ en todo o mundo. O termo “Orgullo” denomina o amor propio ou a estima que cada persoa ten de si mesma como merecedora de respecto e consideración.

Neste Día Internacional do Orgullo LGTBI+, a Deputación de Pontevedra reafirma o seu compromiso inquebrantable coa igualdade, a diversidade e os dereitos humanos. E por elo, un ano máis, chamamos a todas as entidades locais para que se unan a nós na celebración da diversidade e na loita por unha sociedade máis xusta e inclusiva. Recoñecemos os logros alcanzados, pero tamén os desafíos que aínda debemos afrontar.

Mentres celebramos os avances logrados, tamén é crucial recoñecer e condenar as políticas discriminatorias que persisten nalgúns países. A falta de progreso na protección dos dereitos das persoas LGTBI+ en certos lugares é motivo de grave preocupación. Estas políticas non só perpetúan a discriminación e a violencia, senón que tamén representan unha violación flagrante dos dereitos humanos.

Neste momento, no que a política exterior de España ten entre as súas prioridades a defensa dos dereitos humanos, é preciso avogar pola adopción de políticas inclusivas a nivel internacional e impoñer presión a aqueles gobernos que violan os dereitos LGTBI+ para que modifiquen ditas prácticas.

Recoñecemos que a comunidade LGTBI+ afrontou unha historia de discriminación, opresión e violencia. É importante lembrar que a loita pola igualdade e a xustiza para a comunidade LGTBI+ non rematou.



A Deputación de Pontevedra traballará sen descanso para seguir promovendo a igualdade e combatendo a discriminación en todas as súas formas. O compromiso da Deputación e dos Concellos de España, é seguir impulsando avances en materia de igualdade e dereitos para o colectivo LGTBI+. É preciso seguir traballando cara un futuro onde todas as persoas, independentemente da súa orientación sexual, sexo ou expresión da identidade, poidan vivir con dignidade, respecto e liberdade.

Por elo, adherímonos á Declaración Institucional da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP):

- Dende o compromiso coa igualdade e a xustiza para tódalas persoas. Defendendo os dereitos e a igualdade da comunidade LGTBI+ nas nosas institucións e no ámbito dos nosos pobos e cidades.
- Poñendo freo ós discursos de odio contra o colectivo LGTBI+ en calquera ámbito que lexitiman e fomentan as discriminacións e as agresións. No ano 2023 os delitos de odio alcanzaron a cifra de 1.606, o que supón un aumento do 33,1% con respecto ó 2022.
- Promovendo a Educación en Diversidade de maneira xeneralizada como vehículo para combaten a LGTBIfobia e deixar atrás o odio, as agresións, o medo e a intolerancia.
- Traballar dende o ámbito local para educar e sensibilizar a nosa comunidade sobre os temas relacionados coa orientación sexual, para lograr que cada persoa sexa respectada por igual na nosa sociedade.

Seguidamente procédese ó exame da orde do día adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.8217- **ACTA ANTERIOR**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/6PiEBzPTtSpPKurbpnauBIV0Bjwqrb0LNOOWXosLxHHplkaj>



Acórdase, por unanimidade, aprobar o borrador da acta da anterior sesión ordinaria de 31 de maio.

a) Parte resolutiva:

2.8218.- **APROBACIÓN DA CONTA XERAL
CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2023 (EXPTES.
2024028366-2024006887)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/qvRk54LeZ7Uc3GPW0mID64WIHStCDj9a0qyHdYyzAdjw1TQ6>

Unha vez formada pola Intervención a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio 2023, reúnense as Deputadas e Deputados integrantes da Comisión Especial de Contas da Deputación Provincial de Pontevedra co obxecto de someter a informe da Comisión a Conta Xeral (nos termos establecidos no artigo 212.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais), que inclúe a conta da propia Deputación de Pontevedra, a da Escola Universitaria de Enfermería, a do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento, a do Consorcio para o Servizo contra incendios e salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, e a conta consolidada.

Resultando que a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra do exercicio 2023, a consolidada, a da Escola Universitaria de Enfermería, a do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento, é rendida polo Presidente da Deputación, e no caso do Consorcio para o Servizo contra incendios e salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes é rendida polo Presidente do Consorcio.

Resultando que a Comisión Especial de Contas na sesión celebrada o 24 de maio de 2024 acordou por maioría, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular, e as abstencións das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG, emitir informe favorable sobre o expediente da Conta Xeral da Deputación



de Pontevedra correspondente ó exercicio de 2023, que inclúe tanto a conta consolidada, a da propia Deputación de Pontevedra, a da Escola Universitaria de Enfermería, a do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento, e a do Consorcio para o Servizo contra incendios e salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, nos termos e coa documentación que consta no expediente.

Resultando que, en cumprimento co disposto no artigo 212.3 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra do exercicio 2023 foi exposta ó público a través dun anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 102, de data 27 de maio de 2024, por un prazo de quince días durante os cales as persoas interesadas podían presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimaran pertinentes ó citado expediente. Este prazo de exposición pública iniciouse o día 28 de maio de 2024, e finalizou o día 17 de xuño de 2024 (ambos inclusive).

Resultando que durante o prazo de exposición pública non tivo entrada no Rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra ningunha reclamación, reparo ou observación ó expediente da Conta Xeral da Deputación de Pontevedra do exercicio 2023, segundo consta na certificación do Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra de data 20 de xuño de 2024.

Considerando o establecido no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; nos artigos 208 a 212 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; nos artigos 89 a 105 do Real decreto 500/90, de 20 de abril, e nas regras 44 a 51 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Especial de Contas acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE:

1. Aprobar a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio 2023, que inclúe tanto a consolidada, como a da propia Deputación de Pontevedra, a da Escola Universitaria de Enfermería, a do Consorcio



Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento, e a do Consorcio para o Servizo contra incendios e salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

2. Rendir a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio 2023 así aprobada e toda a documentación que a integra ó Consello de Contas de Galicia.

3.8219.- **DECLARAR DESERTO O CONCURSO PÚBLICO CONVOCADO PARA O ALLEAMENTO OU CONSTITUCIÓN DUN DEREITO DE SUPERFICIE DE VARIAS PARCELAS (14) RESULTANTES DO PROXECTO DE PARCELACIÓN DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SOLO URBANIZABLE E INDUSTRIAL OUTEDA-CURRO (SRAU-I OUTEDA-CURRO) CONCELLO DE BARRO (EXPTES. 2024043304-2024025500-2024025116)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/ErZsK19s65gFB14QIv1zPtsH0JLBSDmkJYbKTmTmqbhvjjZg3>

O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 26 de abril de 2024, aprobou o expediente do concurso público para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie, mediante procedemento aberto, de 14 parcelas resultantes do proxecto de parcelación do Polígono Industrial Outeda-Curro (SRAU-I Outeda-Curro), no Concello de Barro, polos importes que figuraban para cada parcela no anexo IV do prego de cláusulas económicas administrativas, a razón de 99,00€/m², IVE excluído, e de 119,79€/m², IVE engadido.

Na citada sesión tamén se acordou aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas deste concurso público, asinado dixitalmente polo Técnico Colaborador do Polígono Industrial Outeda-Curro co código de verificación CSV: TUCZ0OBZRYRG47, así como dispoñer a apertura dun prazo de presentación de ofertas que remataba ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso de 30 días naturais, contados desde o día seguinte á publicación do



anuncio de licitación no perfil do contratante e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

En data 3 de maio de 2024 publicouse o anuncio de licitación no perfil do contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 87; así mesmo, publicáronse o prego de cláusulas económico-administrativas e anexos deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas non se recibiu ningunha proposta ao respecto, polo que a Mesa de Contratación, na reunión do día 6 de xuño de 2024, toma coñecemento desa circunstancia e propón ao órgano de contratación declarar deserto o citado procedemento.

A cláusula vixésima do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexe este concurso público recolle o seguinte:

“Si tras la licitación pública quedan desiertas parcelas, el órgano de contratación podrá acordar la enajenación directa-por el plazo de un año a contar desde la publicación en el BOPPO y en el Perfil de Contratante del acuerdo del Pleno de la Corporación que declare dicha circunstancia-, de la adjudicación de los derechos de propiedad y superficie en el caso de existir ofertas que cumplan las condiciones del pliego. La enajenación directa se haría en iguales condiciones a las que se ofertaron en el pliego del concurso y previa aceptación de tales condiciones en su totalidad por los posibles adquirientes”.

O artigo 137.4.d) da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, establece que no alleamento de inmobles poderase acordar a adxudicación directa *“Cuando fuera declarada desierta la subasta o concurso promovidos para la enajenación o éstos resultasen fallidos como consecuencia del incumplimiento de sus obligaciones por parte del adjudicatario, siempre que no hubiese transcurrido más de un año desde la celebración de los mismos. En este caso, las condiciones de la enajenación no podrán ser inferiores de las anunciadas previamente o de aquellas en que se hubiese producido la adjudicación”.*

O artigo 331.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, regula o procedemento de alleamento ou permuta dos bens do patrimonio público do solo, indicando que se realizará por un prezo non inferior ao do seu



aproveitamento urbanístico e na forma establecida na lexislación reguladora do patrimonio das Administracións Públicas. Con todo, recolle unha previsión expresa de alleamento directo nas mesmas condicións durante un ano para o suposto de que o concurso que sexa tramitado para ese efecto quedase deserto. En calquera caso, tal e como aparece reflectido nos pregos e ao obxecto de salvagardar os principios de publicidade, igualdade e libre concorrência, a adxudicación directa farase nas mesmas condicións ás que se ofertaron no prego do concurso e previa aceptación de tales condicións na súa totalidade polos posibles adquirentes.

Visto o informe do Técnico-Colaborador do Polígono Industrial, de data 11 de xuño de 2024, favorable ao alleamento ou constitución do dereito de superficie, por adxudicación directa, das 14 parcelas que quedaron desertas.

Considerando que conforme á disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, correspóndelle ao Pleno a competencia neste expediente.

Á vista do exposto, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por unanimidade:

Primeiro. Declarar deserto o concurso público para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie, mediante procedemento aberto, de 14 parcelas resultantes do proxecto de parcelación do Polígono Industrial Outeda-Curro (SRAU-I Outeda-Curro), no Concello de Barro, por non presentarse licitadores interesados na adxudicación das mesmas.

Segundo. Efectuar o alleamento ou constitución dun dereito de superficie, por adxudicación directa, das 14 parcelas que quedaron desertas durante o prazo dun ano a contar dende a publicación deste acordo plenario no Boletín Oficial da Provincia e no perfil de contratante da Deputación de Pontevedra; dita adxudicación farase en iguais condicións ás que se ofertaron no prego deste concurso, previa aceptación de tales condicións na súa totalidade polos posibles adquirentes, coa finalidade de salvagardar os principios de publicidade, igualdade e libre concorrência.



4.8220.- APROBACIÓN DA CANDIDATURA DENOMINADA “0249 VISIT RIO MINHO PLUS 1 P: CONSOLIDACIÓN DE LA MARCA RÍO MINHO Y CREACIÓN DE NUEVOS PRODUCTOS TURÍSTICOS TRANSFRONTERIZOS”, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP) 2021-2027 INTERREG VI (EXPTES. 2023039256-2024044754)

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/otQslgdMi8fMEy7Giuwmlc5doh4ViUDr8YW0s4RFRIFqJoRc>

ANTECEDENTES:

Primeiro.- O Comité de Seguimento do Programa de Cooperación Interreg VI A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 aprobou o día 22/03/2023 a publicación da 4ª convocatoria para a presentación de proxectos no marco da prioridade 5, acordando que esta terá un carácter conxunto e único para todo o Programa e definindo as Bases da convocatoria do POCTEP 2021-2027 para a referida prioridade. A porcentaxe máxima de cofinanciación do FEDER queda establecida no 75% do custe elixible dos proxectos.

Segundo.- En maio de 2023 presentouse a candidatura denominada “Visit Rio Minho Plus: Consolidación da marca Rio Minho e creación de novos produtos turísticos transfronteirizos”, dentro da prioridade 5 - Potenciar a cooperación para afrontar o reto demográfico no espazo fronteirizo, creando condicións de vida atractivas baseadas no acceso ao mercado de traballo, servizos públicos esenciais, accesibilidade e aplicando principios de inclusión social e igualdade de oportunidades e trato, Obxectivo específico 4.6 – Potenciar o papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.

Terceiro.- O proxecto Visit_Rio_Minho_Plus é un proxecto global de desenvolvemento a través do turismo, para o cal se propón a articulación dunha oferta baseada en experiencias innovadoras e singulares asentadas no



seu patrimonio natural, histórico e gastronómico, como elemento diferenciador, de identidade e de posicionamento. Isto permitirá dinamizar e desenvolver economicamente as zonas rurais dunha forma sostible, aproveitando os recursos endóxeos e contribuindo á transformación do territorio nun polo de retención e atracción de talento, ofrecendo unha oportunidade para que a poboación con ideas de negocio innovadoras no ámbito do turismo, o sector agrario e a gastronomía, entre outros, poidan encontrar oportunidades para a implementación dos seus proxectos.

Cuarto.- O AECT Rio Minho é o Beneficiario Principal desta candidatura e o resto dos Beneficiarios que participan son a Deputación de Pontevedra, a Axencia de Turismo de Galicia, Turismo de Porto e Norte de Portugal, a Comunidade Intermunicipal (CIM) do Alto Minho, o Concello de Tui, o Concello de Salvaterra de Miño, a Asociación de Desenvolvemento Rural Integrado do Val do Minho, a Axencia Galega de Calidade Alimentaria, A Universidade de Vigo e o Instituto Politécnico de Viana de Castelo.

Quinto.- En data 20/03/2024 o Comité da Área de Cooperación 1 Galicia-Norte de Portugal do POCTEP 2021-2027, na súa reunión do 01/02/2024 decidiu propor ao Comité de Xestión do Programa a aprobación da candidatura VISIT RIO MINHO PLUS, indicando as principais modificacións que deben ser tidas en conta na reformulación da candidatura co obxectivo de incrementar o seu grao de coherencia e adecuación aos obxectivos do POCTEP.

Sexto.- O proxecto reformulado presentouse a través da plataforma Coffee Interreg o día 09/04/2024 por parte do Beneficiario Principal, o AECT Rio Minho.

Sétimo.- En data 30/04/2024 recibíuse notificación do Comité de Xestión do POCTEP aprobando a candidatura 0249_Visit_Rio_Minho_Plus_1_P, despois do cal se formalizou o Acordo entre a Autoridade de Xestión e o Beneficiario Principal en data 21/05/2024.

Oitavo.- O formulario de candidatura aprobado recolle a seguinte información financeira:



BENEFICIARIO	CUSTE TOTAL ELIXIBLE	FEDER APROBADO	% COFINANCIACIÓN
BP- AECT Rio Minho	398.400,00 €	298.800,00 €	75%
B2- CIM Alto Minho	37.068,53 €	27.801,40 €	
B3- Turismo de Porto e Norte de Portugal	56.319,44 €	42.239,58 €	
B4- ADRIMINHO	38.659,51 €	28.994,63 €	
B5-Deputación Pontevedra	376.200,00 €	282.150,00 €	
B6-Agencia de Turismo de Galicia	138.250,00 €	103.687,50 €	
B7-Axencia Galega de Calidade Alimentaria	172.735,24 €	129.551,43 €	
B8-Concello Tui	170.200,00 €	127.650,00 €	
B9-Concello Salvaterra	143.600,00 €	107.700,00 €	
B10-Instituto Politécnico Viana do Castelo	19.329,75 €	14.497,31 €	
B11-Universidade Vigo	75.000,00 €	56.250,00 €	
TOTAL	1.625.762,47 €	1.219.321,85 €	

Distribución por categorías de gasto e actividades:

B5-Deputación de Pontevedra	Actividade 1	Actividade 3	Actividade 4	Actividade 5	Actividade 6	Total
1.Persoal directo		63.000,00 €				63.000,00 €
2.Gastos oficina e administrativos		9.450,00 €				9.450,00 €
3.Viaxe e aloxamentos		5.040,00 €				5.040,00 €
4.Servizos/expertos externos	17.950,00 €	71.520,00 €	87.000,00 €	22.571,00 €	21.869,00 €	220.910,00 €
5.Equipamentos		77.800,00 €				77.800,00 €
TOTAL	17.950,00 €	226.810,00 €	87.000,00 €	22.571,00 €	21.869,00 €	376.200,00 €

Distribución por anualidades:



B5-Deputación de Pontevedra	2024	2025	2026	Total
1.Persoal directo	12.600,00 €	25.200,00 €	25.200,00 €	63.000,00 €
2.Gastos oficina e administrativos	1.890,00 €	3.780,00 €	3.780,00 €	9.450,00 €
3.Viaxe e aloxamentos	1.008,00 €	2.016,00 €	2.016,00 €	5.040,00 €
4.Servizos/expertos externos	45.530,00 €	114.430,00 €	60.950,00 €	220.910,00 €
5.Equipamentos	0	57.800,00 €	20.000,00 €	77.800,00 €
TOTAL	61.028,00 €	203.226,00 €	111.946,00 €	376.200,00 €

Noveno.- Solicitamos que dito crédito se dote no orzamento respectivo da Deputación, conforme ó punto 16º apartado f) das Bases de Execución do orzamento da entidade.

Décimo.- A Xefa do Servizo de Cooperación emitiu informe favorable o día 30 de maio de 2024 e a Intervención emitiu o preceptivo informe o día 31 de maio de 2024, sinalando que “unha vez concedida a subvención, o órgano competente para aprobar o proxecto de forma taxativa é o Pleno segundo o establecido nas Bases 16.3.b) de Execución dos Orzamentos”.

Undécimo.- De conformidade ós artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, debe someterse a ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais antes da súa elevación ao Pleno provincial.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Regulamento (UE) 2021/1058 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión.
- Regulamento (UE) 2021/1059 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, sobre disposicións específicas para o obxectivo de cooperación territorial europea (Interreg) que recibe apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e dos instrumentos de financiación exterior.
- Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, polo cal se establecen as disposicións comúns relativas



- ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (...).
- Programa de Cooperación «INTERREG VI-A España-Portugal (POCTEP)» para o período 2021-2027, o cal foi aprobado pola Comisión Europea mediante Decisión de 22.8.2022.
 - Acordo entre a Autoridade de Xestión e o Beneficiario Principal do proxecto e Acordo entre os Beneficiarios do proxecto e demais normativa aplicable no marco do Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2021-2027.
 - Bases da 4ª convocatoria do POCTEP 2021-2027.
 - Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
 - Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
 - Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
 - Artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
 - Artigos 172 a 182, 216, 217 e demais concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLFL).
 - Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos presupostos das entidades locais.
 - Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.
 - Bases de execución do orzamento provincial.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Tal e como se establece no artigo 6 da LXS, as subvencións financiadas con cargo a fondos da Unión Europea rexeranse polas normas comunitarias aplicables en cada caso e polas normas de desenvolvemento ou transposición daquelas, sendo de aplicación supletoria a LXS.

O Regulamento (UE) 2021/1058 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión, establece no seu artigo 2, que o FEDER



contribuirá a reducir as disparidades entre os niveis de desenvolvemento das distintas rexións da Unión e a reducir o retraso das rexións menos favorecidas, mediante a participación no axuste estrutural das rexións cuxo desenvolvemento estea á zaga e á reconversión de rexións industriais en declive, incluídas, entre outras medidas, a de promover un desenvolvemento sustentable e afrontar os retos medioambientais.

Por outra banda, o artigo 4 do Regulamento (UE) 2021/1059 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, sobre disposicións específicas para o obxectivo de cooperación territorial europea (Interreg), sinala que, para a cooperación transfronteiriza, as rexións que reciban apoio FEDER serán as NUTS de nivel 3 da Unión. Así mesmo, o seu Capítulo II recolle os obxectivos específicos Interreg e a súa concentración temática neste novo período 2021-2027.

Neste contexto normativo, o Reino de España e a República de Portugal presentaron o Programa de Cooperación INTERREG VI-A para o período 2021-2027, que foi aprobado pola Comisión Europea mediante a Decisión C (2022) 6125 de data 22/08/2022.

Recibida a notificación de concesión da subvención para o proxecto “CONSOLIDACIÓN DE LA MARCA RIO MINHO Y CREACIÓN DE NUEVOS PRODUCTOS TURÍSTICOS TRANSFRONTERIZOS” (0249_VISIT_RIO_MINHO_PLUS_1_P), no marco do POCTEP Interreg VI-A 2021-2027, procedeuse de conformidade ó artigo 22.6 do Regulamento (UE) núm. 2021/1059, do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, a asinar o acordo entre os beneficiarios do proxecto co fin de garantir a boa xestión financeira dos fondos asignados, sendo o AECT Rio Minho o beneficiario principal do proxecto. Asemade, procedeuse a asinar electronicamente o acordo entre a Autoridade de Xestión e o Beneficiario Principal.

Obxectivos do proxecto:

O proxecto 0249_VISIT_RIO_MINHO_PLUS_1_P persegue os seguintes obxectivos:

- Contribuír ó desenvolvemento económico da zona transfronteiriza do Rio Miño mediante o aproveitamento das potencialidades turísticas que ofrecen os recursos endóxenos do territorio.



- Dotar ao territorio transfronteirizo de mellores instrumentos de gobernanza en materia de turismo.
- Promover métodos de colaboración entre as administracións públicas e a iniciativa privada para crear e consolidar a oferta turística na zona.
- Adecuar equipamentos e recursos turísticos claves para a implementación dos produtos turísticos deseñados e melloras de sinalización e accesibilidade.

Como resultados a alcanzar destacan:

- Creación de 4 produtos turísticos específicos do territorio (gastronomía, natureza, río Miño navegable, fortalezas e patrimonio).
- Implantar a figura de protección europea “artesanía alimentaria” entre os operadores alimentarios e impulsar a promoción dos produtos con ese distintivo.
- Impulsar a consolidación dun destino turístico intelixente e sostible.

Na citada convocatoria do POCTEP 2021-2027 regúlanse, entre outros aspectos, o obxecto e a finalidade das axudas, o seu ámbito de aplicación territorial e temporal, os requisitos dos proxectos, as entidades beneficiarias e as condicións de admisibilidade.

Partenariado:

O Beneficiario Principal do proxecto é o AECT Rio Minho. O resto do partenariado o conforman: a Deputación de Pontevedra (cun orzamento elixible de 376.200,00 € e unha subvención FEDER de 282.150,00 €), a CIM Alto Minho, a Axencia de Turismo de Galicia, Turismo de Porto e Norte de Portugal, o concello de Tui, o concello de Salvaterra de Miño, a Axencia Galega de Calidade Alimentaria, a Asociación de Desenvolvemento Rural Integrado do Val do Minho, a Universidade de Vigo e o Instituto Politécnico de Viana do Castelo.

Prazos e orzamentos

No tocante o período de execución do proxecto desenvolverase entre o 01/01/2024 e o 31/12/2026, sen prexuízo das posibles prórrogas que se puideran conceder.

Polo que respecta ós orzamentos, este proxecto terá unha duración plurianual, polo cal os gastos distribuiranse da seguinte maneira, sen prexuízo das posibles modificacións que poida ter o proxecto:



2400004-VISIT_RIO_MINHO_PLUS_1_P: Consolidación da marca Rio Minho e creación de novos produtos turísticos transfronteirizos			
ENTIDADE	CUSTE ELIXIBLE	FEDER (75%)	FONDOS PROPIOS
2.Gastos oficina e administrativos	376.200,00 €	282.150,00 €	94.050,00 €

B5-Deputación de Pontevedra	2024	2025	2026	Total
1.Persoal directo	12.600,00 €	25.200,00 €	25.200,00 €	63.000,00 €
2.Gastos oficina e administrativos	1.890,00 €	3.780,00 €	3.780,00 €	9.450,00 €
3.Viaxe e aloxamentos	1.008,00 €	2.016,00 €	2.016,00 €	5.040,00 €
4.Servizos/expertos externos	45.530,00 €	114.430,00 €	60.950,00 €	220.910,00 €
5.Equipamentos	0	57.800,00 €	20.000,00 €	77.800,00 €
TOTAL	61.028,00 €	203.226,00 €	111.946,00 €	376.200,00 €

Proxecto de gastos e operacións contables:

Para o inicio do proxecto é necesario realizar a aprobación do mesmo, levando a cabo as operacións de xeración de crédito polo importe da subvención concedida polo Comité de Xestión Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 para a execución do proxecto VISIT RIO MINHO PLUS, así como realizar as oportunas operacións para facer fronte a parte que lle corresponde asumir con fondos propios a Deputación de Pontevedra.

RÉXIME COMPETENCIAL

Tendo en conta a distribución inicial por anualidades, en virtude do establecido no artigo 33 da LRBRL e na base 16.^a.3.b) das Bases de Execución do Orzamento provincial, compételle ó Pleno a autorización e disposición dos gastos plurianuais cando non se cumpran os límites establecidos no artigo 174 do TRLFL.

CONCLUSIÓN

Por todo o anteriormente exposto e sen prexuízo de calquera outro trámite baseado en mellor dereito, e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das



Emerxencias Provinciais, o Pleno acorda por unanimidade, a adopción do seguinte acordo:

- Validar os trámites para a aceptación da subvención outorgada polo FEDER, no marco do POCTEP INTERREG VI-A, para a execución do proxecto “CONSOLIDACIÓN DE LA MARCA RIO MINHO Y CREACIÓN DE NUEVOS PRODUCTOS TURÍSTICOS TRANSFRONTERIZOS” (0249_VISIT_RIO_MINHO_PLUS_1_P).
- Aprobar o proxecto denominado “CONSOLIDACIÓN DE LA MARCA RIO MINHO Y CREACIÓN DE NUEVOS PRODUCTOS TURÍSTICOS TRANSFRONTERIZOS” (0249_VISIT_RIO_MINHO_PLUS_1_P) da 4ª convocatoria do Programa de Cooperación Interreg VI-A ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP) 2021-2027.
- Aprobar a distribución do gasto cos importes que corresponden a esta Deputación provincial dentro do total do proxecto.
- Aprobar que a súa xestión se realice a través do módulo “proxecto de gastos” tal e como establece a Base 27ª de execución do orzamento provincial.
- Aprobar a xeración de crédito polos importes de subvención concedida e as achegas propias da Deputación de Pontevedra, abrindo as aplicacións orzamentarias e os conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gastos”.
- Facultar ó Presidente da Deputación de Pontevedra para cantos actos e trámites sexan necesarios para levar a bo fin as actuacións derivadas do presente acordo en relación co proxecto denominado “CONSOLIDACIÓN DE LA MARCA RIO MINHO Y CREACIÓN DE NUEVOS PRODUCTOS TURÍSTICOS TRANSFRONTERIZOS” (0249_VISIT_RIO_MINHO_PLUS_1_P), sen prexuízo, no seu caso, da obriga de dar conta ó Pleno para a súa ratificación.
- Notificar o presente acordo ás partes interesadas, no seu caso.

5.8221.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE VILABOA DA**



ESTRADA PROVINCIAL EP-0104 RAMAL IGREXA FIGUEIRIDO (EXPTE. 2021048806)

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/l8fjIVBM2q8KGaVFdvuTCBv7j06uFeB726Mzh01QN9DJARXx>

Antecedentes.

O Concello de Vilaboa e a Deputación de Pontevedra formalizaron o 14 de marzo de 2022 un Convenio de colaboración para a execución do proxecto denominado “Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na EP-0104 ramal Igrexa de Figueirido”.

Conforme á súa cláusula quinta 4) o convenio ten o carácter de solicitude de inicio do procedemento de transferencia ao concello da estrada provincial EP-0104 Ramal Igrexa de Figueirido.

O 14 de maio de 2024 os Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais informaron favorablemente o cambio de titularidade a prol do Concello de Vilaboa da estrada provincial EP-0104 Ramal Igrexa de Figueirido.

Consideracións:

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (en diante, LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (en diante, RXEG).
- Lei 13/1989, de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común de Galicia (LMMCG).
- Lei 5/2011, de 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia (LPG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño (RBEL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPACAP).



- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (en diante, ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

2ª. Motivación.

No informe técnico estímase o valor patrimonial das vías obxecto de transferencia en UN MILLÓN CATROCENTOS CORENTA E SEIS MIL NOVECIENTOS EUROS (1.446.900,00€) e móvanse os cambios de titularidade de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da LEG e no artigo 18 do RXEG. Así, sinálase que:

“A nova disposición funcional e técnica da EP-0104 Ramal Igrexa Figueirido proposta para o cambio de titularidade, correspóndese na actualidade coa tipoloxía de viario interior urbano de titularidade municipal logo dos cambios na plataforma da estrada, das obras acometidas e da súa funcionalidade de acceso ás vivendas, edificacións e predios lindeiros.

Polo tanto, na actualidade, a EP-0104 Ramal Igrexa Figueirido xa non conta co carácter e funcionalidade vertebradora do territorio propia do viario provincial, nin de servizo para as comunicacións interurbanas, senón que pola súa tipoloxía, características técnicas, funcionais e de utilidade é totalmente asimilable ao viario de titularidade municipal ao servizo da mobilidade interior de tipo urbano.

Por todo o anterior, e logo que con este cambio de titularidade o Concello de Vilaboa poderá garantir un mellor mantemento e explotación desta estrada de carácter e funcionalidade municipal, así como para levar un control máis directo sobre a mesma para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público, infórmase favorablemente ao seu cambio de titularidade a favor do Concello de Vilaboa de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia”.

3ª Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.



Os artigos 9.4 da LEG e o 18.1 do RXEG establecen que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos destas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.

De acordo co artigo 9.6 da LEG as resolucións ou os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade de estradas obxecto da dita lei deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación naquel.

A lexislación de réxime local non regula especificamente a transmisión da titularidade de bens e dereitos demaniais sen desafectación recollida no artigo 29 da Lei 5/2011, de 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia aplicable ás entidades locais segundo dispón a súa disposición adicional segunda sen que recolla ningunha previsión sobre os órganos competentes das entidades locais para acordar a transmisión e a aceptación da transmisión.

O artigo 33.2, ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4.1.b 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención. Estes informes foron emitidos favorablemente en data 24 de maio e 5 de xuño de 2024 respectivamente.



Polo que antecede e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos públicos e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Vilaboa da estrada provincial EP-0104 Ramal Igrexa de Figueirido.

Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 95 da LEG e 18 e seguintes do RXEG.

Terceiro.- Facultar ao Presidente da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega ao Concello.

6.8222.- **PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA DEPUTACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS (EXPTE. 2024043306)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/MwIxheegDTJtrnz3Ho8foLT05S4gXcGPYVXy4CYleMOEzXaV>

Dada conta que en sesión plenaria de 31 de maio de 2024 tomou posesión como deputada provincial Belén Cachafeiro Anta, como consecuencia da renuncia ao cargo do deputado José Carlos López Campos, en sesión plenaria de 26 de abril de 2024.

Resultando que en sesión de 4 de agosto de 2023 aprobouse Moción da Presidencia sobre nomeamento de representantes da Deputación en órganos colexiados, polo que agora procede modificala debido á substitución producida.

Considerando que corresponde ó Pleno a designación de representantes da Corporación en órganos colexiados de conformidade co disposto no art. 58, c) do RD 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e



Facenda, o Pleno acorda por maioría de votos a favor do PP e coas abstencións do PSdeG-PSOE e do BNG aprobar a seguinte proposición da Presidencia:

Designar representantes da Deputación Provincial de Pontevedra nos Organismos que seguidamente se relacionan aos seguintes Deputadas/os:

COMISIÓN GALEGA DE PROTECCIÓN CIVIL	Titular: Alejandro Lorenzo Alonso Suplente: Javier Tourís Romero
COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO GES	Titular: Alejandro Lorenzo Alonso Suplente: Javier Tourís Romero
CONSELLO REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA	Titular: Jorge Cubela López Suplente: Belén Cachafeiro Anta
FUNDACIÓN XOSÉ NEIRA VILAS	Jorge Cubela López
GDR-16 DEZA	Belén Cachafeiro Anta

7.8223.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) RELATIVA Á SOLICITUDE DE TRASPASO DA TITULARIDADE DA AUTOESTRADA AP-9 A PROL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E A IMPLANTACIÓN DA GRATUIDADE DAS TARIFAS DE PEAXE (EXPTE. 2024043838)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/19yM1w5eq5pPRDD1sAogagbMyKUqFRcEfX40omDRwgsTIkEI>

Visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda do 21 de xuño de 2024, o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) relativa á solicitude de traspaso da titularidade da autoestrada AP-9 a prol da Comunidade Autónoma de Galicia e a implantación da gratuidade das tarifas de peaxe.



O texto definitivo da Moción é como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Autoestrada AP-9 vertebra o Eixo Atlántico da Comunidade Autónoma de Galicia de norte a sur e está considerada como unha das principais vías de comunicación do noso territorio, e principalmente da provincia de Pontevedra, ao ser empregada, segundo os derradeiros datos oficiais, por 25.458 vehículos de media diaria.

Dita vía de alta capacidade conta, desgrazadamente, cunhas das tarifas de peaxes máis elevadas de toda España e, ademais, o pasado 1 de xaneiro experimentou unha forte suba das mesmas que merma a súa capacidade competitiva como eixo de transporte e prexudica ás economías domésticas dos seus milleiros de usuarios polo seu elevado custe, xa que, ademais, apenas conta con alternativas de circulación eficientes e áxiles.

Porén, e tras moitos anos de demandas por parte da Comunidade Autónoma de Galicia, desde o Partido Popular cremos que chegou o momento de poñer fin a esta situación e de adoptar unha triple medida fronte a este problema por parte do Goberno de España e que pasaría polo traspaso da titularidade desta autoestrada a prol da Comunidade Autónoma de Galicia, a anulación da prórroga da concesión ata o ano 2048 e a eliminación das súas tarifas de peaxe para que sexa gratuíta para todos os seus usuarios.

Neste senso, desde o Partido Popular da Provincia de Pontevedra queremos posicionarnos a carón dos acordos nesta materia adoptados polo Parlamento Galego e tamén da moción aprobada o pasado 14 de xuño, por vez primeira, no Congreso dos Deputados.

Deste xeito, Galicia, e nomeadamente a provincia de Pontevedra, deixaría de sufrir a discriminación e maltrato que padece por ser a comunidade autónoma con máis quilómetros de peaxe de toda España, a que sofre as tarifas de peaxe máis elevadas e a única con dúas autoestradas en mans privadas polo período máximo de 75 anos.

En todo este proceso, a Xunta vén de reclamar constantemente a aplicación da gratuidade na AP-9 por parte do Goberno de España e a necesaria asunción da súa titularidade para que a xestión da mesma dependa do



executivo autonómico, e compartimos ditas demandas como a mellor solución para a mobilidade e o transporte vertebrador na nosa rexión.

Neste senso, cremos que se trata dunha demanda xusta e que así o comparten as demais formacións políticas galegas, posto que cómpre lembrar que, na recente campaña das eleccións autonómicas, estes compromisos foron adquiridos polo candidato socialista á presidencia da Xunta, polo que agardamos que foran universais e a prol de todos os galegos e non partidistas e condicionados exclusivamente a que acadara a investidura para o citado cargo.

En todo caso, e na parte final deste longo proceso, temos que lamentar e expresar as nosas dúbidas das verdadeiras intencións e compromiso con esta terra por parte do PSOE, partido que sustenta ao Goberno de España, así como a falta de seriedade do ministro competente nesta materia, Óscar Puente, que impulsa a implantación de gratuidades de peaxes noutras zonas de España, como é o caso da Comunidade Valenciana, en vías de alta capacidade que contan con alternativas viables de circulación e sempre se amosou remiso co caso da AP-9.

Ademais, as súas declaracións sobre o custe da gratuidade e transferencia denotan desleixo, falla de interese ou ben certa intención de rexeitar esta xusta demanda, posto que o pasado 29 de maio negouse en banda á adopción destas medidas alegando unha elevada indemnización de 4.000 millóns de euros e o pasado 14 de xuño elevouna ata os 6.000 millóns de euros nunha especie de puxa, entendemos que sen ningunha análise exhaustiva, para que calle unha sensación de que esta operación é economicamente inasumible, que é algo que non compartimos desde o Partido Popular.

En calquera caso, consideramos que hai unha solicitude formal e seria da Xunta de Galicia, existen senllos acordos do Parlamento de Galicia e do Congreso dos Deputados e bule unha demanda social e cidadá unánime sobre a adopción destas medidas, que liberarían a Autoestrada AP-9 converténdoa nun gran eixo vertebrador universal para os galegos e nun elemento de pulo socioeconómico e de desenvolvemento indiscutible para a nosa comunidade.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:



PROPOSTA DE ACORDOS

1.- Amosar o apoio público e oficial da Deputación de Pontevedra aos acordos do Parlamento de Galicia e do Congreso dos Deputados para que se proceda ao traspaso da titularidade da autoestrada AP-9 a prol da Comunidade Autónoma de Galicia, a anulación da prórroga da concesión ata o ano 2048 e a eliminación das súas tarifas de peaxe para que sexa gratuíta para todos os seus usuarios.

2.- Reclamar directamente, desde a Deputación de Pontevedra, ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible que proceda de xeito inmediato ao traspaso da titularidade da autoestrada AP-9 a prol da Comunidade Autónoma de Galicia, a anulación da prórroga da concesión ata o ano 2048 e a eliminación das súas tarifas de peaxe para que sexa gratuíta para todos os seus usuarios.”

8.8224.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALICIA A GRATUIDADE DA AG-57 (AUTOESTRADA DO VAL MIÑOR) (EXPTE. 2024043747)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/Ug05buOq5b6D42Kzd8oIqE9DjHtVZ7fzX0HLINjb14dDOEKK>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda acorda por maioría de votos en contra do PP e cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir á Xunta de Galicia a gratuidade da AG-57 (Autoestrada do Val Miñor).

9.8225.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALICIA QUE RETIRE OS IMPOSTOS CREADOS POLA LEI DO CICLO DA AUGA E QUE AUGAS DE GALICIA ACOMETA EQUITATIVAMENTE ACTUACIÓNS DE ABASTECIMENTO E**



SANEAMENTO EN TODOS OS CONCELLOS **(EXPTE. 2024043749)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/sc6HcL0F2O7sREJpT3o8FoaGY S2iPqmJrLDC4zvtliPVPi3>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda acorda por maioría de votos en contra do PP e cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir á Xunta de Galicia que retire os impostos creados pola Lei do Ciclo da Auga e que Augas de Galicia acometa equitativamente actuacións de abastecemento e saneamento en todos os concellos.

10.8226.- **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/jWGbTC9urWghqBP0Xbe26Od27 Rb1dyrw6ANfWTTerj9F1Lpe>

Non houbo.

b) Parte de información e control:

11.8227.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE MAIO DE 2024 (EXPTES. 2024043307-2024038341)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/HJshLNeLXgFDcBXdsMpLGCF3 rKyy7tIVGj2wijDSARMz7c32>

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra



incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de maio de 2024, asinado conxuntamente pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 6 de xuño de 2024, onde deixan constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de maio de 2024 que se expón a continuación:



PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES MAIO 2024

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Maio	6,2818917258	4.878.502,29	7,1183364154	847.527,70	6,4056965339
Escola de Enfermería	Maio	15,1075840250	7.737,58	0,0000000000	0,00	15,1075840250
Consortio de Incendios e Salvamento	Maio	7,7067608981	40.471,99	1,5807194847	10.121,41	6,4812220566
Consortio Deza Tabeirós	Maio	15,5275694000	8.671,20	12,9340587000	9.735,17	14,1558558269
TOTAL			4.935.383,06		867.384,28	6,4425418752

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que se cumpre co período medio de pago legalmente previsto.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 21 de xuño de 2024 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de maio de 2024 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de maio de 2024 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

12.8228.- **DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE DATA 24 DE MAIO DE 2024 (NÚM. REXISTRO 2024004294) DECLARANDO A**



**EMERXENCIA NA TRAMITACIÓN DO
PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DA
OBRA “REPARACIÓN DE MURO DE
SOSTEMENTO NA EP-2902 ACCESO Á PENEDA,
NO PQ 0+200 (CONCELLO DE REDONDELA)
(EXPTES. 2024043309-2024031328)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/N2EAjvQIufUUIFWeQmGeDeKu eBv5crOMmxM26crHQZ2r57Vs>

Por Resolución Presidencial número 2024004294 de data 24 de maio de 2024 acordouse adxudicar á empresa, CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. (NIF: B-36147429), o contrato para execución da obra “Reparación de muro de sostemento na EP-2902 acceso á Peneda, no PQ 0+200 (Concello de Redondela)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 28.000,00 euros, IVE engadido, cuxo contido é o seguinte:

Nº Expediente	2024031328
Asunto	Adxudicando a obra de emerxencia para “Reparación de muro de sostemento na EP-2902 Acceso á Peneda, no PQ 0+200 (Concello de Redondela)”
Trámite	Adxudicación

O Presidente, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

RESOLUCIÓN

Resultando.- Que mediante informe técnico do Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, que consta no expediente con CSV: YKQDV2HLLUTIO8ST, solicítase a tramitación polo procedemento de emerxencia da obra "Reparación de muro de sostemento na EP-2902 Acceso á Peneda, no PQ 0+200 (Concello de Redondela)".

Resultando.- Que no citado informe recóllese o seguinte: “...A sucesión de temporais que se leva sufrindo na provincia, deixou graves incidencias nas estradas Con motivo dos fortes temporais de vento e choiva acaecidos durante os últimos meses desplomouse o terraplén na marxe dereita do punto quilométrico da estrada provincial EP-2902 ACCESO Á PENEDA (punto quilométrico 0+200 m.d.), no termo municipal de Redondela. No recorrido de zona preventivo realizado polo vixiante responsable da zona advirte do grave perigo existente polo derribo lateral da calzada no muro de sostemento existente no punto quilométrico 0+200. Esa estrada provincial ten unha sección de 3,50 metros de ancho de calzada e 0.40 metros de beiravía. A sección está moi comprometida polo que o perigo é maior [...]. En conclusión, todo elo está a provocar un risco e unha grave interferencia na



circulación que require dunha actuación de emerxencia para garantir a estabilidade da calzada e evitar o colapso do muro de contención e de danos maiores.

Resultando.- Que no mesmo informe recóllese que a estimación do custe da obra ascende a 28.000,00 € IVE incluído, quedando condicionada á medición definitiva e á súa valoración exacta, proponéndose á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. (CIF B36147429) pola súa dispoñibilidade inmediata tanto de medios humanos como técnicos suficientes para acometer a obra.

Resultando.- Que se estima un prazo de execución da obra de DOUS (2) MESES, quedando condicionado ó prazo final da execución da obra.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC con número de operación 202400110622 por importe de 28.000,00 € con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que o Xefe de Servizo de Contratación emitiu informe que consta no expediente con CSV: NN5AY9USUMRFNTBN, recollendo o seguinte: “...Solicítase a tramitación de emerxencia manifestando no informe do técnico que con motivo dos fortes temporais de vento e choiva acaecidos durante os últimos meses desplomouse o terraplén na marxe dereita do punto quilométrico da estrada provincial EP-2902 ACCESO Á PENEDA (punto quilométrico 0+200 m.d.), no termo municipal de Redondela. Non se pon en dúbida o criterio técnico, nin sería dilixente nin da nosa competencia facelo, pero si está nas atribucións do Servizo de Contratación elixir o procedemento máis adecuado para a tramitación do expediente.

Tendo en conta que non podemos separarnos do criterio técnico, tal e como recolle o informe esta incidencia está a provocar un risco e unha grave interferencia na circulación polo que se fai preciso actuar para garantir a estabilidade da calzada e evitar o colapso do muro de contención para evitar danos maiores, polo que cabería tramitar este expediente, por solicitude deste servizo, polo procedemento de emerxencia. Tendo en consideración o exposto cabe reseñar os seguintes aspectos: Este trámite é excepcional, unicamente e de forma exclusiva para reparar o punto que supoña o grave perigo, sen que caiba a estimación subxectiva discrecional da Administración, xa que se non se estaría quebrantando a excepcionalidade á que nos referimos. Non cabe utilizar este procedemento excepcional para solventar unha falta de planificación, xa que non existen outros procedementos como o ordinario ou o de urxencia. Unha vez efectuadas as actuacións imprescindibles para paliar a situación de emerxencia, as restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación regulada na LCSP. Haberá que tramitar o expediente conforme o artigo 120 da LCSP, e cumprir co disposto nas bases do Orzamento Provincial, que fai referencia ós gastos de emerxencia...”

Considerando.- No referente á tramitación de emerxencia, o órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, ou



contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais establecidos na Lei, incluso á existencia de crédito suficiente

Considerando.- Que elo debe instrumentarse xuridicamente nunha resolución ou acordo, que unicamente precisará da oportuna retención de crédito, ou no caso de que non exista crédito, da documentación que xustifique a iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito.

Considerando.- Que a Xunta Consultiva resalta o carácter excepcional da tramitación de emerxencia, tal e como sinala o artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que a regula, derivado tanto do réxime específico que a rexe, como da relación de supostos taxadas en que procede, concreta na esixencia de ter que actuar a Administración de forma inmediata a causa de: acontecementos catastróficos, situacións que supoñan un grave perigo e necesidades que afecten á defensa nacional.

Considerando.- Que neste senso, e incidindo no criterio de rigor que debe observarse na aplicación deste réxime, manifestouse o Tribunal Supremo en Sentenza de 20 de xaneiro de 1987, ó establecer que “non basta a existencia dun acontecemento de excepcional natureza do que dimane a situación que as medidas en cuestión afrontan, senón que o que ampara a normativa de emerxencia é unha situación administrativa inmediata, absolutamente necesaria para evitar ou remediar no posible as consecuencias do suceso en cuestión”.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (CIF: B81470841) o Lote 2 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse no informe de inicio de expediente, á empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (CIF: B81470841), para a adxudicación do Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na "Obra de emerxencia para "Reparación de muro de sostemento na EP-2902 Acceso á Peneda, no PQ 0+200 (Concello de Redondela)", por un importe estimado de 768,35 €.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención de data 22/05/2024 con CSV: ZWS1KPWO965KARAE no que se recolle que na vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023, dentro do proxecto de gasto código nº 2024033848, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto emitíuse o documento RC nº 202400112359.

Considerando.- Que en virtude do disposto nos artigos 34-1, f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do R.d.l 781/86, de 18 de abril e 61 do R.d. 2568/86, de 18 de novembro e DA 2ª da LCSP, e a Base 16ª apartado



1.e), a autorización e compromiso dos gastos de emerxencia serán competencia da Presidencia.

RESOLVO,

1. Declarar a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra "Reparación de muro de sostemento na EP-2902 Acceso á Peneda, no PQ 0+200 (Concello de Redondela)".

2. Autorizar o gasto por importe de 28.000,00 € con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023 do vixente orzamento provincial.

3. Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. (CIF: B36147429) o contrato de obras "Reparación de muro de sostemento na EP-2902 Acceso á Peneda, no PQ 0+200 (Concello de Redondela)" por importe de 28.000,00 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	23.140,50 €
IVE (21%).....	4.859,50 €
Importe total.....	28.000,00 €

Este importe é unha estimación, quedando condicionado o prezo final á medición definitiva e valoración exacta.

4. Nomear directora de obra a Dona María Belén Pampín Camino, enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

O prazo de execución estímase en DOUS (2) MESES.

Unicamente se executará o necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, debéndose contratar as restantes prestacións necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia mediante a tramitación do preceptivo expediente conforme á Lei.

O prazo de inicio da obra non poderá ser superior a un mes e deberase dar conta, polo centro Xestor da devandita actuación ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre tras a adopción desta resolución.

Da cantidade adxudicada reteranse as seguintes porcentaxes:

- 4% do orzamento de execución material de adxudicación, de acordo coa taxa por servizos facultativos que se presten en obras provinciais, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do día 27/02/98, en concepto de Dirección de Obra.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán ser presentadas polo adxudicatario en formato electrónico a través da Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es) en tempo e forma aos efectos de que o órgano administrativo ao que corresponda, proceda á súa tramitación. Máis información en <https://sede.depo.es/>. Nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 (CIF: P3600000H); Órgano Xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135. Nº Expediente: 2024031328.

5. Adxudicar á empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (CIF: B81470841) Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra de emerxencia para "Reparación de muro de sostemento na EP-2902 Acceso á Peneda, no PQ 0+200 (Concello de Redondela)" (Expte 2024033848), por un importe de 768,35 € de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	635,00 €
IVE (21%).....	133,35 €
Importe total.....	768,35 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

As obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006112; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2024033848.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda na sesión ordinaria do día 21 de xuño de 2024 tomou coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 2024004294, de data 24 de maio de 2024, pola que se adxudicou á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.



(NIF: B-36147429), o contrato para execución da obra “Reparación de muro de sostemento na EP-2902 acceso á Peneda, no PQ 0+200 (Concello de Redondela)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 28.000,00 euros, IVE engadido.

De conformidade co establecido no artigo 117 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, así como na base 16^a 1.e) de execución do vixente orzamento provincial, o Pleno queda enterado do contido da Resolución Presidencial número 2024004294, de data 24 de maio de 2024, pola que se adxudicou á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. (NIF: B-36147429), o contrato para a execución da obra “Reparación de muro de sostemento na EP-2902 acceso á Peneda, no PQ 0+200 (Concello de Redondela)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 28.000,00 euros, IVE engadido.

13.8229.- **DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE DATA 27 DE MAIO DE 2024 (NÚM. REXISTRO 2024004342) DECLARANDO A EMERXENCIA NA TRAMITACIÓN DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DA OBRA “REPARACIÓN DE CONTENCIÓN NA EP-0307 PESO-CAROI, NO PQ 7+750 (CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADÉ)” (EXPTES. 2024043311-2024031613)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/q8aXombwSwvFKj38Rgk0RKf87mN0PTKv5oeJ85GgrCh5qh5v>

Por Resolución Presidencial número 2024004342 de data 27 de maio de 2024 acordouse adxudicar á empresa, MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (CIF: B-36533537), o contrato para execución da obra “Reparación de contención na EP-0307 Peso-Caroi, no PQ 7+750 (Concello de Cerdedo-Cotobade)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 75.000,00 euros, IVE engadido, cuxo contido é o seguinte:



Nº Expediente	2024031613
Asunto	Adxudicando a obra de emerxencia para "Reparación de contención na EP-0307 Peso-Caroi, no PQ 7+750 (Concello de Cerdedo-Cotobade)"
Trámite	Adxudicación

O Presidente, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

RESOLUCIÓN

Resultando.- Que mediante informe técnico do Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, que consta no expediente con CSV: 548E85EK505LS3R4, solicítase a tramitación polo procedemento de emerxencia da obra "Reparación de contención na EP-0307 Peso-Caroi, no PQ 7+750 (Concello de Cerdedo-Cotobade)".

Resultando.- Que no citado informe recóllese o seguinte: "...Con motivo dos fortes temporais de vento e choiva acaecidos durante os últimos meses desplomouse o terraplén na marxe esquerda do punto quilométrico 7+750 da estrada provincial EP-0307 Peso-Caroi, no termo municipal de Cerdedo-Cotobade. No recorrido de zona preventivo realizado polo vixilante responsable da zona advirte do grave perigo existente polo derribo lateral da calzada na contención do terreo no punto quilométrico 7+750. [...]". En conclusión, todo elo está a provocar un risco e unha grave interferencia na circulación que require dunha actuación de emerxencia para garantir a estabilidade da calzada e evitar danos maiores.

Resultando.- Que no mesmo informe recóllese que a estimación do custe da obra ascende a 75.000,00 € IVE incluído, quedando condicionada á medición definitiva e á súa valoración exacta, proponéndose á empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (CIF: B36533537) pola súa dispoñibilidade inmediata tanto de medios humanos como técnicos suficientes para acometer a obra.

Resultando.- Que se estima un prazo de execución da obra de TRES (3) MESES, quedando condicionado ó prazo final da execución da obra.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC con número de operación 202400111184 por importe de 75.000,00 € con cargo á vinculación



xurídica da aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: HK2OCIU64ZCHE5JV, informe emitido con data 20/11/2023 polo Xefe de Servizo de Contratación recollendo o seguinte: “...Solicítase a tramitación de emerxencia manifestando no informe do técnico que con motivo dos fortes temporais de vento e choiva acaecidos durante os últimos meses desplomouse o terraplén na marxe esquerda do punto quilométrico 7+750 da estrada provincial EP-0307 Peso-Caroi, no termo municipal de Cerdedo-Cotobade.

Non se pon en dúbida o criterio técnico, nin sería dilixente nin da nosa competencia facelo, pero si está nas atribucións do Servizo de Contratación elixir o procedemento máis adecuado para a tramitación do expediente. Tendo en conta que non podemos separarnos do criterio técnico, tal e como recolle o informe esta incidencia está a provocar un risco e unha grave interferencia na circulación polo que se fai preciso actuar para garantir a estabilidade da calzada e evitar danos maiores, polo que cabería tramitar este expediente, por solicitude deste servizo, polo procedemento de emerxencia. Tendo en consideración o exposto cabe reseñar os seguintes aspectos: Este trámite é excepcional, unicamente e de forma exclusiva para reparar o punto que supoña o grave perigo, sen que caiba a estimación subxectiva discrecional da Administración, xa que se non se estaría quebrantando a excepcionalidade á que nos referimos. Non cabe utilizar este procedemento excepcional para solventar unha falta de planificación, xa que non existen outros procedementos como o ordinario ou o de urxencia. Unha vez efectuadas as actuacións imprescindibles para paliar a situación de emerxencia, as restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación regulada na LCSP. Haberá que tramitar o expediente conforme ó artigo 120 da LCSP, e cumprir co disposto nas bases do Orzamento Provincial, que fai referencia ós gastos de emerxencia...”

Considerando.- No referente á tramitación de emerxencia, o órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobreviñida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais establecidos na Lei, incluso á existencia de crédito suficiente.



Considerando.- Que elo debe instrumentarse xuridicamente nunha resolución ou acordo, que unicamente precisará da oportuna retención de crédito, ou no caso de que non exista crédito, da documentación que xustifique a iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito.

Considerando.- Que a Xunta Consultiva resalta o carácter excepcional da tramitación de emerxencia, tal e como sinala o artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que a regula, derivado tanto do réxime específico que a rexe, como da relación de supostos taxados en que procede, concreta na esixencia de ter que actuar a Administración de forma inmediata a causa de: acontecementos catastróficos, situacións que supoñan un grave perigo e necesidades que afecten á defensa nacional.

Considerando.- Que neste senso, e incidindo no criterio de rigor que debe observarse na aplicación deste réxime, manifestouse o Tribunal Supremo en Sentenza de 20 de xaneiro de 1987, ó establecer que “non basta a existencia dun acontecemento de excepcional natureza do que dimane a situación que as medidas en cuestión afrontan, senón que o que ampara a normativa de emerxencia é unha situación administrativa inmediata, absolutamente necesaria para evitar ou remediar no posible as consecuencias do suceso en cuestión”.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (CIF: B81470841) o Lote 2 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse no informe de inicio de expediente, á empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (CIF: B81470841), para a adxudicación do Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra "Obra de emerxencia para "Reparación de contención na EP-0307 Peso-Caroi, no PQ 7+750 (Concello de Cerdedo-Cotobade)" por un importe estimado de 1.107,15 € IVE incluído.



Considerando.- O informe emitido pola Intervención de data 22/05/2024 con CSV: 4UQK2SS2CS7L9UX7 no que se recolle que na vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023, dentro do proxecto de gasto código nº 2024031613, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto emitíuse o documento RC nº 202400112505.

Considerando.- Que en virtude do disposto nos artigos 34-1, f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do R.d.l. 781/86, de 18 de abril e 61 do R.d. 2568/86, de 18 de novembro e DA 2ª da LCSP, e a Base 16ª apartado 1.e), a autorización e compromiso dos gastos de emerxencia serán competencia da Presidencia.

RESOLVO,

1. Declarar a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra “Reparación de contención na EP-0307 Peso-Caroi, no PQ 7+750 (Concello de Cerdedo-Cotobade)”.
2. Autorizar o gasto por importe de 75.000,00 € con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023 do vixente orzamento provincial.
3. Adxudicar á empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (CIF: B36533537) o contrato de obras “Reparación de contención na EP-0307 Peso-Caroi, no PQ 7+750 (Concello de Cerdedo-Cotobade)”, por importe de 75.000,00 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	61.983,47 €
IVE (21%).....	13.016,53 €
Importe total.....	75.000,00 €

Este importe é unha estimación, quedando condicionado o prezo final á medición definitiva e valoración exacta.



4. Nomear directora de obra a Dona María Belén Pampín Camino, enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

O prazo de execución estímase en TRES (3) MESES.

Unicamente se executará o necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, debéndose contratar as restantes prestacións necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia mediante a tramitación do preceptivo expediente conforme á Lei.

O prazo de inicio da obra non poderá ser superior a un mes e deberase dar conta, polo centro Xestor da devandita actuación ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebra tras a adopción desta resolución.

Da cantidade adxudicada reteranse as seguintes porcentaxes:

- 4% do orzamento de execución material de adxudicación, de acordo coa taxa por servizos facultativos que se presten en obras provinciais, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do día 27/02/98, en concepto de Dirección de Obra.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán ser presentadas polo adxudicatario en formato electrónico a través da Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es) en tempo e forma aos efectos de que o órgano administrativo ao que corresponda, proceda á súa tramitación. Más información en <https://sede.depo.es/>. Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 (CIF: P3600000H); Órgano Xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135. Nº Expediente: 2024031613.

5. Adxudicar á empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (CIF: B81470841) o Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra de emerxencia para "Reparación de contención na EP-0307 Peso-Caroi, no PQ 7+750 (Concello de Cerdedo-Cotobade)"



(Expte 2024033881), por un importe de 1.107,15 € de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	915,00 €
IVE (21%).....	192,15 €
Importe total.....	1.107,15 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

As obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006112; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2024033881

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda na sesión ordinaria do día 21 de xuño de 2024 tomou coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 2024004342, de data 27 de maio de 2024, pola que se adxudicou á empresa MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (CIF: B-36533537), o contrato para execución da obra “Reparación de contención na EP-0307 Peso-Caroi, no PQ 7+750 (Concello de Cerdedo-Cotobade)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 75.000,00 euros, IVE engadido.



De conformidade co establecido no artigo 117 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, así como na base 16^a 1.e) de execución do vixente orzamento provincial, o Pleno queda enterado do contido da Resolución Presidencial número 2024004342, de data 27 de maio de 2024, pola que se adxudicou á empresa MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (CIF: B-36533537), o contrato para execución da obra “Reparación de contención na EP-0307 Peso-Caroi, no PQ 7+750 (Concello de Cerdedo-Cotobade)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 75.000,00 euros, IVE engadido.

14.8230.- **DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE DATA 27 DE MAIO DE 2024 (NÚM. REXISTRO 2024004352) DECLARANDO A EMERXENCIA NA TRAMITACIÓN DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DA OBRA “REPARACIÓN DE CONTENCIÓN NA EP-0306 PONTE DO VERDUGO-CAMBESES-A BARCIA, NO PQ 1+800 (CONCELLO DE A LAMA)” (EXPTES. 2024043313-2024031921)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/WB5ZRqIiTBd7WGdFQTsXAFTdEM1Oqi7vE0aZ7jA9BvpIcNcE>

Por Resolución Presidencial número 2024004352 de data 27 de maio de 2024 acordouse adxudicar á empresa, CANTERIA Y OBRAS MANUEL VAQUEIRO, S.L. (CIF: B-27783463), o contrato para execución da obra “Reparación de contención na EP-0306 Ponte do Verdugo-Cambeses-A Barcia, no PQ 1+800 (Concello de A Lama)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 60.000,00 euros, IVE engadido, cuxo contido é o seguinte:

Nº Expediente	2024031921
Asunto	Adxudicando a obra de emerxencia para "Reparación de contención na EP-0306 Ponte do Verdugo-Cambeses-A Barcia, no PQ 1+800 (Concello de A Lama)"
Trámite	Adxudicación



O Presidente, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

RESOLUCIÓN

Resultando.- Que mediante informe técnico do Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, que consta no expediente con CSV: 63QQRGG9BFCMPJFK, solicítase a tramitación polo procedemento de emerxencia da obra "Reparación de contención na EP-0306 Ponte do Verdugo-Cambeses-A Barcia, no PQ 1+800 (Concello de A Lama)".

Resultando.- Que no citado informe recóllese o seguinte: "...Con motivo dos fortes temporais de vento e choiva acaecidos durante os últimos meses desplomouse o terraplén de sostemento na marxe esquerda do punto quilométrico 2+460 da estrada provincial EP-0306 Ponte do Verdugo-Cambeses-A Barcia, no termo municipal de A Lama. No recorrido de zona preventivo que realizado polo vixiante responsable da zona advirte do grave perigo existente polo derribo lateral da calzada na obra de paso existente no punto quilométrico 2+460. [...]. En conclusión, todo elo está a provocar un risco e unha grave interferencia na circulación que require dunha actuación de emerxencia para garantir a estabilidade da calzada e evitar o colapso da estrada provincial e de danos maiores..."

Resultando.- Que no mesmo informe recóllese que a estimación do custe da obra ascende a 60.000,00 € IVE incluído, quedando condicionada á medición definitiva e á súa valoración exacta, proponéndose á empresa CANTERIA Y OBRAS MANUEL VAQUEIRO, S.L. (CIF B-27783463) pola súa dispoñibilidade inmediata tanto de medios humanos como técnicos suficientes para acometer a obra.

Resultando.- Que se estima un prazo de execución da obra de TRES (3) MESES, quedando condicionado ó prazo final da execución da obra.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC con número de operación 202400112769 por importe de 60.000,00 € con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023 do vixente orzamento provincial.



Resultando.- Que consta no expediente con CSV: ZNODBDHV0U24JN3Q, informe emitido o 20/11/2023 polo Xefe de Servizo de Contratación recollendo o seguinte: “Solicítase a tramitación de emerxencia manifestando no informe do técnico que con motivo dos fortes temporais de vento e choiva acaecidos durante os últimos meses desplomouse o terraplén de sostemento na marxe esquerda do punto quilométrico 2+460 da estrada provincial EP-0306 Ponte do Verdugo-Cambeses-A Barcia, no termo municipal de A Lama. Non se pon en dúbida o criterio técnico, nin sería dilixente nin da nosa competencia facelo, pero si está nas atribucións do Servizo de Contratación elixir o procedemento máis adecuado para a tramitación do expediente. Tendo en conta que non podemos separarnos do criterio técnico, tal e como recolle o informe esta incidencia está a provocar un risco e unha grave interferencia na circulación polo que se fai preciso actuar para garantir a estabilidade da calzada e evitar danos maiores, polo que cabería tramitar este expediente, por solicitude deste servizo, polo procedemento de emerxencia. Tendo en consideración o exposto cabe reseñar os seguintes aspectos: Este trámite é excepcional, unicamente e de forma exclusiva para reparar o punto que supoña o grave perigo, sen que caiba a estimación subxectiva discrecional da Administración, xa que senón se estaría quebrantando a excepcionalidade á que nos referimos. Non cabe utilizar este procedemento excepcional para solventar unha falta de planificación, xa que non existen outros procedementos como o ordinario ou o de urxencia. Unha vez efectuadas as actuacións imprescindibles para paliar a situación de emerxencia, as restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación regulada na LCSP. Haberá que tramitar o expediente conforme ó artigo 120 da LCSP, e cumprir co disposto nas bases do Orzamento Provincial, que fai referencia ós gastos de emerxencia...”.

Considerando.- No referente á tramitación de emerxencia, o órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais establecidos na Lei, incluso á existencia de crédito suficiente.



Considerando.- Que elo debe instrumentarse xuridicamente nunha resolución ou acordo, que unicamente precisará da oportuna retención de crédito, ou no caso de que non exista crédito, da documentación que xustifique a iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito.

Considerando.- Que a Xunta Consultiva resalta o carácter excepcional da tramitación de emerxencia, tal e como sinala o artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que a regula, derivado tanto do réxime específico que a rexe, como da relación de supostos taxados en que procede, concreta na esixencia de ter que actuar a Administración de forma inmediata a causa de: acontecementos catastróficos, situacións que supoñan un grave perigo e necesidades que afecten á defensa nacional.

Considerando.- Que neste senso, e incidindo no criterio de rigor que debe observarse na aplicación deste réxime, manifestouse o Tribunal Supremo en sentenza de 20 de xaneiro de 1987, ó establecer que “non basta a existencia dun acontecemento de excepcional natureza do que dimane a situación que as medidas en cuestión afrontan, senón que o que ampara a normativa de emerxencia é unha situación administrativa inmediata, absolutamente necesaria para evitar ou remediar no posible as consecuencias do suceso en cuestión”.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (CIF: B81470841) o Lote 2 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse no informe de inicio de expediente, á empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (CIF: B81470841), para a adxudicación do Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra de emerxencia para "Reparación de contención na EP-0306 Ponte do Verdugo-Cambeses-A Barcia, no PQ 1+800 (Concello de A Lama)", por un importe estimado de 1.107,15 € IVE incluído.



Considerando.- O informe emitido pola Intervención de data 23/05/2024 con CSV: B2P10GKOIBFZZTYN no que se recolle que na vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023, dentro do proxecto de gasto código nº 2024031921, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto emitiuse o documento RC nº 202400113944.

Considerando.- Que en virtude do disposto nos artigos 34-1, f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do R.d.l. 781/86, de 18 de abril, e 61 do R.d. 2568/86, de 18 de novembro, e DA 2ª da LCSP, e a Base 16ª apartado 1.e), a autorización e compromiso dos gastos de emerxencia serán competencia da Presidencia.

RESOLVO,

1. Declarar a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra de emerxencia para "Reparación de contención na EP-0306 Ponte do Verdugo-Cambeses-A Barcia, no PQ 1+800 (Concello de A Lama)".
2. Autorizar o gasto por importe de 60.000,00 € con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023 do vixente orzamento provincial.
3. Adxudicar á empresa CANTERIA Y OBRAS MANUEL VAQUEIRO, S.L. (CIF B-27783463) o contrato de obras de emerxencia para "Reparación de contención na EP-0306 Ponte do Verdugo-Cambeses-A Barcia, no PQ 1+800 (Concello de A Lama)", por importe de 60.000,00 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	49.586,78 €
IVE (21%).....	10.413,22 €
Importe total.....	60.000,00 €

Este importe é unha estimación, quedando condicionado o prezo final á medición definitiva e valoración exacta.

4. Nomear directora de obra a Dona María Belén Pampín Camino, enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.



O prazo de execución estímase en TRES (3) MESES.

Unicamente se executará o necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, debéndose contratar as restantes prestacións necesarias para completar a actuación acometida pola administración e que non teñan carácter de emerxencia mediante a tramitación do preceptivo expediente conforme á Lei.

O prazo de inicio da obra non poderá ser superior a un mes e deberase dar conta, polo centro Xestor da devandita actuación ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebra tras a adopción desta resolución.

Da cantidade adxudicada reteranse as seguintes porcentaxes:

- 4% do orzamento de execución material de adxudicación, de acordo coa taxa por servizo facultativos que se presten en obras provinciais, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do día 27/02/98, en concepto de Dirección de Obra.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán ser presentadas polo adxudicatario en formato electrónico a través da Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es) en tempo e forma aos efectos de que o órgano administrativo ao que corresponda, proceda á súa tramitación. Máis información en <https://sede.depo.es/>. Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 (CIF: P3600000H); Órgano Xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135. Nº Expediente: 2024031921.

5. Adxudicar á empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (CIF: B81470841) o Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra de emerxencia para "Reparación de contención na EP-0306 Ponte do Verdugo-Cambeses-A Barcia, no PQ 1+800 (Concello de A Lama)", (Expte. 2024033881), por un importe de 1.107,15€ de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	915,00 €
IVE (21%).....	192,15 €
Importe total.....	1.107,15 €



Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

As obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006112; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024034493.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda na sesión ordinaria do día 21 de xuño de 2024 tomou coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 2024004352, de data 27 de maio de 2024, polo que se adxudicou á empresa, CANTERIA Y OBRAS MANUEL VAQUEIRO, S.L. (CIF: B-27783463), o contrato para execución da obra “Reparación de contención na EP-0306 Ponte do Verdugo-Cambeses-A Barcia, no PQ 1+800 (Concello de A Lama)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 60.000,00 euros, IVE engadido.

De conformidade co establecido no artigo 117 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, así como na base 16^a 1.e) de execución do vixente orzamento provincial, o Pleno queda enterado do contido da Resolución Presidencial número 2024004352 de data 27 de maio de 2024 polo que se adxudicou á empresa, CANTERIA Y OBRAS MANUEL VAQUEIRO, S.L. (CIF: B-27783463), o contrato para execución da obra “Reparación de contención na EP-0306 Ponte do Verdugo-Cambeses-A Barcia, no PQ 1+800 (Concello de A Lama)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 60.000,00 euros, IVE engadido.



15.8231.- **DAR CONTA DA APROBACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DURACIÓN DO PROXECTO ERASMUS+2023 (CONVENIO DE SUBVENCIÓN CO SEPIE 2023-1-ES01-KA121-VET-000131347) (EXPTES. 2023003512-2024045064)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/rRrtGRwpnjc92zZsGjHWDFgJZF P4UZsfi3dwD2DQae09g54n>

O 21 de xullo de 2023 a dirección do Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE), emitiu a resolución definitiva pola que se resolveu a Convocatoria de Propostas do programa ERASMUS+ 2023 Acción Clave 1 – Mobilidade educativa de persoas (KA121, KA122) concedendo á Deputación de Pontevedra unha axuda para a realización do proxecto presentado por importe de 1.182.155,00€.

As principais características do proxecto ERASMUS+ 2023 son:

- Obxectivo global: levar a cabo un programa de mobilidade de estudantes recentemente titulados de ciclos medios de Formación Profesional, Formación Profesional Básica e cursos que conduzan á obtención de Certificados de Profesionalidade dos niveis I, II e III pertencentes a distintas familias profesionais co fin de colaborar na súa integración no mundo laboral a través de prácticas laborais en empresas e institucións estranxeiras.
- Número de participantes: 90 mobilidades de longa duración de estudantes de FP (ErasmusPro), 10 mobilidades de aprendizaxe por observación de docentes e persoal non docente que traballe en educación e formación profesional e 1 visita preparatoria.
- Duración e prazo de desenvolvemento do proxecto: 15 meses (dende o 1 de xuño de 2023 ata o 31 de agosto de 2024). Con todo, ao cabo de 12 meses, todos os beneficiarios de proxectos acreditados terán a posibilidade de ampliar o seu proxecto ata unha duración total de 24 meses, tal e como recolle a Guía do Programa ERASMUS+.
- Ámbito de actuación do proxecto: Alemaña, Bélxica, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Islandia, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, Romanía ou calquera outro país do programa ERASMUS+.



O prazo establecido para levar a cabo este proxecto é de 15 meses, dende o 1 de xuño de 2023 ata ao 31 de agosto de 2024, ampliable ata unha duración total de 24 meses, tal e como establece a Guía do Programa ERASMUS+ (ERASMUS+ Programme Guide).

Atendendo a esta posibilidade, con data 31 de maio de 2024 emitiuse informe-proposta asinado polo xefe do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local no que se solicitaba a sinatura da solicitude de ampliación da duración do proxecto ERASMUS+2023 por parte do Presidente da Deputación para a súa presentación ante o SEPIE.

A solicitude foi aprobada polo SEPIE segundo a notificación recibida de data 6 de xuño de 2024, na que se sinala que se modifica a duración do proxecto de 15 a 24 meses, establecéndose como data de finalización o 31 de maio de 2025.

Solicitado informe de Intervención con data 11 de xuño de 2024 esta puxo de manifesto que a aprobación da ampliación da duración do proxecto ERASMUS+2023 (Convenio de subvención co SEPIE 2023-1-ES01-KA121-VET-000131347) non está suxeito a fiscalización previa, dado que a proposta non ten contido económico, tal como recolle o artigo 8.2 do Real Decreto 424/2014, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

O Pleno queda sabedor da ampliación da duración do proxecto ERASMUS+2023 (Convenio de subvención co SEPIE 2023-1-ES01-KA121-VET-000131347) de 15 a 24 meses, establecéndose como data de finalización o 31 de maio de 2025, de conformidade coa solicitude aprobada polo SEPIE.

16.8232.- **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS**

Acceso ás intervencións:

https://depontevedra.seneca.tv:443/s/Zl0EyhHcUAd2rjmK770c8fYBz0BhshMjvT*TuNHAapHx4asg

Queda enterado o Pleno das seguintes:



- a) Relación de extractos de Resolucions Presidenciais rexistradas electrónicamente do mes de maio de 2024.
- b) Relación de extractos de Resolucions do ORAL do mes de maio de 2024.

17.8232.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Acceso ás intervencións:

<https://deputacion.seneca.tv:443/s/DqRdZa7tdA3JdaBw5diVcS6bdSa15Ul4MMxxzQm6EQvhBJ3O>

Sr. Presidente.- E punto número 17. Rogos e preguntas. Ten a palabra dona Ana Laura Iglesias.

Sra. Iglesias González.- Si, gracias Presidente. A nosa pregunta é de cando pensa o Presidente da Deputación deixar de presidir o Pleno da Deputación de maneira ditatorial, negando o uso da palabra á oposición e concedéndolla aos deputados e deputadas do Goberno de maneira discrecional sen sequera solíciala previamente?.

Sr. Presidente.- Ten a palabra don César Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas, Sr. Presidente. A miña pregunta, son dúas, bueno, son dúas, son, a propósito do que sae hoxe na prensa, dun acordo plenario que houbo aquí, primeiro ...

Sr. Presidente.- Sr. Mosquera, acórdese, pregunta, non exposición de motivos.

Sr. Mosquera Lorenzo.- No, no, no, vou alá, digo, o proxecto dos edificios centrais que se aprobou neste Pleno creo que contemplaba 300 metros de soto.

Sr. Presidente.- Pregunta, pregunta.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Si, aí dedúcese que son 500, ¿é verdade ou non?, ¿é verdade que aumenta o ocupado? Non, esa é unha. E segunda ...



Sr. Presidente.- Porfa, ¿cal é a pregunta concreta?

Sr. Mosquera Lorenzo.- Si é verdade, porque non aparece claramente ...

Sr. Presidente.- Si é verdade que o espazo ..., repita por favor.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Si, que os 300 m. que se ocupaban en soto, dedúcese da prensa que aumentan a 500, ¿vale?, se é verdade ou non é verdade. E a segunda, a segunda é, houbo críticas ferozes porque costaba oito millóns, ¿se é que é verdade que se vai pasar a 12?, porque houbo críticas, digo por parte de quen o presentou onte, digo se é verdade ou non, nada máis, por saber eses datos. Nada máis.

Sr. Presidente.- Moi ben, moitas grazas. Ben, si, ten, doulle a palabra ao deputado Paco Ferreira.

Sr. Ferreira González.- ¿Está? Eu teño unha pregunta, non a tome como ironía, a verdade, é que estou moi interesado nese tema. A min me gustaría saber como se pode facer un con esa colección que lanzaron ustedes de primavera-verán, de camisetas, mochilas e todo este tema, porque a verdade que son moi bonitas e hai moitos veciños que están preocupados e me piden, me piden como podo facer ...

Sr. Presidente.- ¿Cal é a pregunta? Xa está feita. Vale. ¿Máis preguntas?. Bueno, damos por finalizado entón este Pleno ordinario e quedamos emprazados para o de xullo, que creo que é o 26.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as trece horas e corenta e sete minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará o Ilmo. Sr. Presidente comigo, o Secretario, que dou fe.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á acta da presente sesión do Pleno desta Deputación do 28 de xuño de 2024 o arquivo audiovisual resultante da gravación da sesión, co nome “Pleno ordinario 28-xuño-2024”, que se conserva nos servidores desta Corporación, garantíndose a súa autenticidade e integridade co seguinte código de integridade SHA512 -
9976968fba652e08b833fcb9197509490da9d7f12c0812b58374b13278b5859221ef880
dd2cc4d85e17ef33dc6b853f15024845202cfd2c9bb9766e87b58bb10 xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.



No soporte audiovisual quedan recollidas as intervencións as/os señoras/es deputadas/os que participaron nas deliberacións a modo de diario da sesións.

O arquivo audiovisual pode consultarse no portal web corporativo da Deputación de Pontevedra e na URL directa:

<https://depo Pontevedra.seneca.tv:443/watch?id=MThmYzk2ZGUtZTE0Ny00ZTI3LWJiOTEtYjY1OThhYmVmZDli>

Asunto : PLENO ORDINARIO 28-XUÑO-2024

Legislatura: Mandato 2023 - 2027

Órgano : Pleno

Data Inicio: Venres, 28 de Xuño de 2024 11:59:50

Data Fin : Venres, 28 de Xuño de 2024 13:47:42

Duración : 01:47:52

- HTML -----

<https://depo Pontevedra.seneca.tv:443/watch?id=MThmYzk2ZGUtZTE0Ny00ZTI3LWJiOTEtYjY1OThhYmVmZDli>

- Media (MASTER) -----

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 1.5 GiB

Url

<https://depo Pontevedra.seneca.tv:443/s/4lfwFgZA85T6ngkfEoou5q5Y5rTRGRqFR1GD9zb4ZXMvHfpO.wmv>

SHA512 - 6e00bb05d8ac1225b8e3cfcb58abd637047313598ec1827be8d5de784efeca034bb167c
cee0cf7500f3fb6517db3f19eea6b410ce058dae21ea1603b8d865d1a

- Media (PROXYS) -----

[1] Video H264, 480p, Stereo, 709 MiB

Url

<https://depo Pontevedra.seneca.tv:443/s/D2pVMLSuEN40JvF5njPjnO8013vXiDxkPUhg5aIP5V4Qx47W.mp4>

SHA512 - 9976968fba652e08b833fcb9197509490da9d7f12c0812b58374b13278b5859221ef880
dd2cc4d85e17ef33dc6b853f15024845202cfd2c9bb9766e87b58bb10

- Minutaxe -----

00:00:01 - Asistentes : Luis López Diéguez, Luis; Secretario; Interventor;
Guisola Padín, Marcos; Tourís Romero, Javier; Bastos Míguez,
María Sandra; Álvarez Carrero, Roberto José; Couselo Torres,
María Isabel; Vázquez Almuíña, Jesús; Cachafeiro Anta, Belén;
Castro Domínguez, María Nava; Lorenzo Alonso, Manuel Alejandro;
Ramallo Vázquez, María Pilar; Domínguez Artime, Rafael; Cubela
López, Jorge; Sánchez Méndez, Luisa María; Rivas Gómez, Digna
Rosa; Iglesias González, Ana Laura; Agís Gómez, Gregorio Luís;
Ferreira González, Paco; Mejías Sacaluga, Ana María; Gómez Díaz,
Gorka; Gómez Prado, Carlos; Iglesias Mougán, Javier; Rodríguez
Rodríguez, Nuria; Rodríguez Pumar, María M'nuela; Ortega Iñarrea,
María; Mosquera Lorenzo, César;

00:09:46 - López Diéguez, Luis



- 00:09:50 : Declaración institucional con motivo do día internacional do orgullo LGTBI
- 00:10:18 - Bastos Míguez, María Sandra
00:15:16 - López Diéguez, Luis
- 00:15:21 : 1. Aprobación do borrador da acta da anterior sesión ordinaria de 31 de maio.
- 00:15:39 : A) Parte resolutiva: 2. Aprobación da Conta Xeral correspondente ó exercicio 2023 (Exptes. 2024028366-2024006887).
- 00:15:48 - Cubela López, Jorge
00:16:36 - López Diéguez, Luis
- 00:16:59 : 3. Declarar deserto o concurso público convocado para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie de varias parcelas (14) resultantes do proxecto de parcelación do Plan de sectorización do solo urbanizable e industrial Outeda-Curro (SRAU-I Outeda-Curro) Concello de Barro (Exptes. 2024043304-2024025500-2024025116).
- 00:17:32 : 4. Aprobación da candidatura denominada ?0249_VISIT_RIO_MINHO_PLUS_1_P: Consolidación de la marca Río Minho y creación de nuevos productos turísticos transfronterizos?, no marco do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 INTERREG VI (Exptes. 2023039256-2024044754).
- 00:17:49 - Cubela López, Jorge
00:19:45 - López Diéguez, Luis
- 00:20:16 : 5. Cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Vilaboa da estrada provincial EP-0104 Ramal Igrexa Figueirido (Expte. 2021048806).
- 00:20:35 : 6. Proposición da Presidencia sobre nomeamento de representantes da Deputación en órganos colexiados (Expte. 2024043306).
- 00:20:46 - Cubela López, Jorge
00:21:33 - López Diéguez, Luis
- 00:21:54 : 7. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) relativa á solicitude de traspaso da titularidade da autoestrada AP-9 a prol da Comunidade Autónoma de Galicia e a implantación da gratuidade das tarifas de peaxe (Expte. 2024043838).
- 00:22:12 - Cubela López, Jorge
00:27:19 - Mosquera Lorenzo, César
00:31:44 - López Diéguez, Luis
00:31:51 - Iglesias González, Ana Laura
00:36:57 - Cubela López, Jorge
00:40:16 - López Diéguez, Luis
00:40:26 - Mosquera Lorenzo, César
00:41:09 - López Diéguez, Luis
00:41:16 - Iglesias González, Ana Laura
00:44:25 - Cubela López, Jorge



00:46:39 - López Diéguez, Luis

00:47:08 : 8. Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir á Xunta de Galicia a gratuidade da AG-57 (Autoestrada do Val Miñor) (Expte. 2024043747).

00:47:25 - Gómez Prado, Carlos

00:50:54 - López Diéguez, Luis

00:51:00 - Mosquera Lorenzo, César

00:54:08 - López Diéguez, Luis

00:54:13 - Cubela López, Jorge

00:59:04 - López Diéguez, Luis

00:59:13 - Gómez Prado, Carlos

00:59:32 - Gómez Prado, Carlos

01:02:36 - López Diéguez, Luis

01:02:40 - Mosquera Lorenzo, César

01:05:16 - López Diéguez, Luis

01:05:22 - Cubela López, Jorge

01:08:32 - López Diéguez, Luis

01:08:36 - López Diéguez, Luis

01:08:41 - Vázquez Almuíña, Jesús

01:10:14 - López Diéguez, Luis

01:10:27 - Gómez Prado, Carlos

01:12:59 - López Diéguez, Luis

01:14:02 : 9. Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir á Xunta de Galicia que retire os impostos creados pola Lei do ciclo da auga e que Augas de Galicia acometa equitativamente actuacións de abastecemento e saneamento en todos os concellos (Expte. 2024043749).

01:14:53 - Ferreira González, Paco

01:19:59 - López Diéguez, Luis

01:20:05 - Mosquera Lorenzo, César

01:23:54 - López Diéguez, Luis

01:24:01 - Ramallo Vázquez, María Pilar

01:25:18 - López Diéguez, Luis

01:26:10 - Ramallo Vázquez, María Pilar

01:29:56 - López Diéguez, Luis

01:29:59 - Ferreira González, Paco

01:32:24 - López Diéguez, Luis

01:32:30 - Mosquera Lorenzo, César

01:35:27 - López Diéguez, Luis

01:35:34 - Ramallo Vázquez, María Pilar

01:38:50 - López Diéguez, Luis

01:39:00 - Ferreira González, Paco

01:41:06 - López Diéguez, Luis

01:43:27 : 10. Asuntos fóra da orde do día.

01:43:30 : B) Parte de información e control: 11. Dar conta do informe de Intervención do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de maio de 2024 (Exptes. 202404

01:43:58 : 12. Dar conta da Resolución Presidencial de data 24 de maio de 2024 (Núm. Rexistro 2024004294) declarando a emerxencia



na tramitación do procedemento de contratación da obra
?Reparación de muro de sostemento na EP-2902 Acceso á Peneda, no
PQ 0+200 (Concello de Redondela) (Exptes. 2024043309-2024031328).

01:44:14 : 13. Dar conta da Resolución Presidencial de data 27 de
maio de 2024 (Núm. Rexistro 2024004342) declarando a emerxencia
na tramitación do procedemento de contratación da obra
?Reparación de contención na EP-0307 Peso-Caroi, no PQ 7+750
(Concello de Cerdedo-Cotobade)? (Exptes. 2024043311-2024031613).

01:44:31 : 14. Dar conta da Resolución Presidencial de data 27 de
maio de 2024 (Núm. Rexistro 2024004352) declarando a emerxencia
na tramitación do procedemento de contratación da obra
?Reparación de contención na EP-0306 Ponte do Verdugo-Cambeses-A
Barcia, no PQ 1+800 (Concello de A Lama)? (Exptes.
2024043313-2024031921).

01:44:46 : 15. Dar conta da aprobación da ampliación da duración do
proxecto ERASMUS+2023 (convenio de subvención co SEPIE
2023-1-ES01-KA121-VET-000131347) (Exptes.
2023003512-2024045064)).

01:44:55 : 16. Dar conta das Resolúcións Presidenciais.

01:45:00 : 17. Rogos e preguntas.

01:45:09 - Iglesias González, Ana Laura

01:45:25 - López Diéguez, Luis

01:45:28 - Mosquera Lorenzo, César

01:45:43 - López Diéguez, Luis

01:45:54 - Mosquera Lorenzo, César

01:46:03 - López Diéguez, Luis

01:46:06 - Mosquera Lorenzo, César

01:46:14 - López Diéguez, Luis

01:46:20 - López Diéguez, Luis

01:46:23 - Mosquera Lorenzo, César

01:46:36 - Mosquera Lorenzo, César

01:46:51 - López Diéguez, Luis

01:47:05 - Ferreira González, Paco

01:47:31 - López Diéguez, Luis

